



Pilar Vázquez Cuesta, *honoris causa* en Lisboa

Cun acto protocolario que se celebrará o venres 22 de febreiro na Aula Magna da Reitoría nomearase a Pilar Vázquez Cuesta como doutora *honoris causa* da Universidade Nova de Lisboa. Apadriñada polos profesores José Antonio Segurado e Ivo de Castro a escritora e investigadora galega será homenaxeada en Portugal, país ao que adicou boa parte do seu traballo profesional. ♦



Vintecinco anos de *Encrucilla*

Vintecinco anos cumpre de chegada ininterrompida aos seus lectores a revista galega de pensamento cristián *Encrucillada* e a data vai ser celebrada o próximo 28 de febreiro no salón de actos do Consello da Cultura Galega en Compostela. O acto contará cunha intervención de Carlos Casares arredor da revista, a entrega dos Premios Encrucillada de ensaio e poesía ademais dun programa musical. Desde a súa fundación, o director da publicación é o teólogo e académico Andrés Torres Queiruga. ♦



Nova candidata portuguesa ao Nobel

A poeta Sophia de Mello Breyner é a nova candidata do Pen Club de Portugal para o premio Nobel das letras, condición que compartirá con outros escritores como Lobo Antunes, Agustina Bessa Luís ou Antonio Ramos Rosa. A obra de Sophia de Mello recibiu, entre outros, o Prémio Camões, máxima distinción das letras portuguesas. ♦

Bernardino Graña capitanea a nao dos escritores



AVANOSA TERRA Nº 1.022 Do 21 ao 27 de febreiro de 2002 Ano XXV

O Museo de arte Contemporáneo de Vigo inaugurárase no próximo mes de outubro pero neste tempo previo dá os primeiros pasos que poden mostrar a liña que marcará a súa directora Carlota Álvarez Basso. Unha primeira camiñada foi participar na recente edición de ARCO cunha caseta propia e mercar obra de Jorge Barbi, Jana Leo, Álvaro Negro, Jorge Macchi e Din Matamoro. A se-

gunda sería facer público o contido do que será a súa exposición inaugural que terá ao grupo Atlántica e á movida viguesa dos anos oitenta como protagonistas. Noticias novas chegan dun dos seus integrantes, o pintor Antón Patiño que despois de abrir exposición en Madrid inaugura na Galería dos Coimbras de Braga. Mentres, o seu maior detractor do movemento, o artista Xaime Quessada, continua mostrando ata o día 24 de febreiro a súa obra en Vigo. ♦

Dous escritores monfortinos

LOIS DIÉGUEZ

Casualmente, supoño, acaban de aparecer dous libros dos escritores monfortinos Manuel Veiga e Antón Lopo. Por iso estamos de festa. Non só pola amostra da xeografía lemava a que pertencen –agoira en escritores de criación, historicamente–, senón polos libros en si, importantes tamén no panorama actual da nosa narrativa. Hoxe por hoxe xa podemos dicir que as terras de Lemos contan con cantores de seu, actuais e novos, e iso implica que non vai quedar silenciada nen arrecunchada no lugar gris da nosa historia.

Os dous libros (*Ganga*, de Antón Lopo, e *Biografías de malogrados*, de Manuel Veiga) teñen en comun que son viaxes polas paisaxes reseca do Val; viaxes a través das xentes, da súa psicoloxía, que é o que máis importa. E ambos os dous son testemuña rigorosa dunha xeración malograda pola droga, submetida ao comercio máis duro da globalización.

Manuel Veiga resgata o sabor gris e liñal das personaxes. É duro e frío, e por iso cunha grande personalidade literaria. Foxe da graza, da captación polo que se leva. É el, sen teimas na promoción ou no que dictan os intereses políticos e comerciais. Que alívio para a nosa literatura. Xa en *As ruínas da cidade amada* se nos anunciou así, duro, sen contemplacións pola negra realidade da súa xeración. Neste novo libro comeza cunha narración aparentemente insulsa, máis profunda do que aparenta, e narración a narración vai gañando en interese e mesmo en ritmo. Medran a palabra e mais a historia como a biografía dun río que nace regato e se enfrenta, no seu final, ao mar. Non llo perdoarán, e sufrirá. Supoño que xa o sabe.

Antón Lopo, desde Monforte, Santiago e a India fai un percorrido de fuxida. Unha viaxe contra a morte, ou acaso en busca dela. Tampouco é dos que gostan agrada. Tamén o anunciara en *As reliquias*. Nun momento no que só se quer o corpo musculoso, estético, guapo... el percúra-o en desfeita, goso, amanteigado, e o rosto feo. Apresenta-nos o que non se quere ver, a homosexualidade, esa outra forma do ser, o mundo íntimo e libre do seu personaxe, porque *Ganga*, é o home máis libre desta sociedade hipócrita, e mostra-se así, sen complexos e fachendoso do seu ser. As aventuras veñen mostrar os mundos novos e torturados, a vida infeliz, pero plena.

Saudamos estas novas obras dos monfortinos. Con satisfacción e desexos de que o traballo continúe. O noso pequeno país lemavo, os países todos, necesitan-no. ♦


Cultura

Nº 1.022
Do 21 ao 27 de febreiro de 2002
Ano XXV

25

Bernardino Graña asume a presidencia da Asociación de Escritores

A.N.T.
A Asociación de Escritores en Lingua Galega ten en Bernardino Graña o seu novo presidente. O sábado día 16 de febreiro o escritor do Morrazo asumía o máximo cargo da asociación despois de ter encabezado a única candidatura presentada e ser votado pola totalidade dos membros asistentes á asemblea xeral celebrada na sede do Museo do Pobo Galego en Compostela. Iolanda Castaño releva a Miguel Anxo Fernán Vello na secretaría.



A.N.T.

A cordialidade foi a tónica xeral da asemblea xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Unha candidatura única encabezada por Bernardino Graña con Iolanda Castaño como secretaria, Carlos Bernárdez como vicepresidente e Marta Dacosta, Cesáreo Sánchez, Marica Campo Rafa Villar e Francisco Fernández Naval como vocais conseguía a unanimidade dos apoios. A nova directiva preséntase como continuación da equipa saínte que tiña en Xosé María Álvarez Caccamo e Miguel Anxo Fernán Vello ao presidente e secretario, o primeiro no cargo despois da dimisión de Carlos Mella e o segundo durante máis dunha década. Os dous tiñan manifestado en repetidas ocasións a súa vontade de abandonar a directiva e mesmo colaboraron na busca dun "recambio" para a dirección da AELG. Os participantes na asemblea agradeceron a Caccamo e Fernán Vello a súa adicación á entidade e eles responderon anunciando que apoiarían coa súa experiencia á nova directiva e continuarían como membros activos da asociación.

Un dos temas que máis veces se puxo sobre a mesa nesta asemblea foi a desmobilización social dos escritores. Coincidiron os participantes na necesidade de promover novas actividades que leven a unha implicación maior dos intelectuais tanto na entidade como na súa dimensión social. A "autocrítica" deu como resultado o anuncio dunha próxima convocatoria de reunión xeral que, segundo se prevé, terá lugar dentro dun mes. ♦


Premio deserto por falta de votos

A.N.T.

Asistiron á asemblea unha cuarta parte dos socios e, a cada tema, o debate volveu incidir no que, á marxe da elección da directiva, foi o tema forte da xornada. De forma máis patente quedou á vista ao informar a directiva saínte de que o premio instituído pola AELG hai tres anos non se entregou na última edición por falta de votos dos membros. Só catro papeletas se recibiron dos case douscentos socios que tiñan posibilidade de eleixir o libro do ano. Nas dúas edicións celebradas o galardón recaíra en *O lapis do carpinteiro* de Manuel Rivas e *No ventre do silencio* de Xosé Luís Méndez Ferrín, autor que a AELG elixiu como candidato galego ao Nobel.

A AELG terá que decidir tamén proximamente a elección do escritor que será homenaxeado na celebración *O escritor na súa terra*. Varios son os nomes propostos pero, na asemblea defendeuse á candidatura do galeguista redactor do primeiro proxecto de Estatuto de Galicia, Lois Tobío. Algúns escritores mostraron xa o seu apoio á iniciativa de conmemorar a este escritor nacido en Viveiro hai 95 anos e residente en Madrid, escritor, tradutor e autor, entre outras, das memorias *As décadas de T.L.* ♦

CRÓNICA



Si home si Xosé Manuel Pereiro

«Si home si é un verdadeiro filme histórico do momento decisivo que estamos a vivir.»

Pilar García Negro
Presentación do libro
A Coruña, decembro de 2001

XERAIS

xerais@xerais.es • http://www.xerais.es